

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 01/12/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 01/12/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24 de Novembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/4713

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2025, en relación coa solicitude con número de rexistro WEB2025001819 (RE-157/25), de data 06/03/2025, presentada por Andrés BREIJO COTELO, en representación de Norberto Diego CAMBA MONDRAGON pola que se solicita unha reserva de 16 metros lineais para uso exclusivo de clientes de farmacia.

Figurando no mesmo:

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a vía en que se atopa situada o despacho de farmacia en Avenida de Rubians, nº 5 baixo, áchase comprendida na N-640 A de a que é titular o Estado e en concreto o Ministerio de Transportes e Mobilidade.

A Xunta de Goberno Local acorda a concesión da oportuna autorización ao Sr. Breijo Cotelos para a reserva de espazo, de 16 m. lineais para uso exclusivo de clientes da farmacia e dar conta ao Ministerio de Transportes e Mobilidade.

E debendo figurar:

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a vía en que se atopa situada o despacho de farmacia en Avenida de Rubianes, nº 5 baixo, áchase comprendida na N-640 A de a que é titular o Estado e en concreto o Ministerio de Transportes e Mobilidade.

A Xunta de Goberno Local acorda a concesión da oportuna autorización a D. Norberto Diego Camba Mondragón para a reserva de espazo, de 16 m. lineais para uso exclusivo de clientes da farmacia na Avda. de Rubians nº 5, baixo, e dar conta ao Ministerio de Transportes e Mobilidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2025/4620

Polo Departamento de Informática indícase que é necesaria a compra dos seguintes equipos de microinformática, tanto para reposición como para cubrir novas necesidades: quince monitores, un escáner, dous cubre cables e unha estación de clonación (disco duro SSD).

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Monitores (15 unidades):

Monitores ACER VERO B247YD de 24"
1920x1080/ 4ms/ 100Hz/ VGA, HDMI, DP/VESA
100x100 ALTAVOCES, WEBCAM, REGULABLE EN ALTURA,
Altavoces, Webcam.
Escáner de sobremesa (1 unidade):
Epson WorkForce DS-790WN - USB 3.0, Gigabit LAN, USB 2.0
A4 – 600 ppp x 600 ppp
45 ppm – Alimentador capacidade 100 páxinas.
Estación de clonación (1 unidade):
ICY BOX HDD/M.2 NVMe SSD Docking Station USB 3.2
Gen 2 (10 Gbps), estación de clonación y Lector de
Discos Duros (SATA 2,5/3,5 Pulgadas y M.2 NVMe),
Externo, Adaptador, USB-C y USB-A, IB-2913MCL-C31
Cubre cables (2 unidades):
6 metros - Gran Capacidad 19-26 mm-Autocierre
Flexible Cortable-Oculto Organiza Cables-Instalación Fácil 6 METROS
Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., o subministro de varios equipos de microinformática destinados ás oficinas municipais, por un prezo de 4,291.45 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4619

Polo Departamento de Informática indícase que é necesaria a compra de quince CPU's para a reposición de equipos nas oficinas municipais e novas necesidades dos servizos municipais, coas seguintes características técnicas:

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

HP ProDesk 2 SFF G1i E (10 unidades):

Procesador: Intel® Core™ i5-13400 (hasta 4.6 GHz with Intel® Turbo Boost Technology, 20 MB L3 cache, 10 cores, 16 threads) (Para Ref. B6YK5ET)

Procesador: Intel® Core™ i5-13500 (hasta 4,8 GHz con tecnología Intel® Turbo Boost, 24 MB de caché L3, 14 núcleos, 20 subprocesos) (Para Ref. B70YNAT)

RAM: 16 GB DDR5-4800 MT/s (1 x 16 GB)

Disco Duro: 512 GB PCIe® NVMe™ M.2 SSD

Portos: 1 USB Type-C® cunha velocidade de 10 Gbps; 3 USB Type-A cunha velocidade de sinal de 5 Gbps; 1 combo de auriculares/micrófono, 4 USB 2.0, Type-A; 1 HDMI 1.4b; 1 DisplayPort™ 1.4a; 1 RJ-45; 1 conector de alimentación; 1 entrada/salida de audio

Sistema Operativo: Windows 11 Pro

Garantía: 3 anos.

HP Pro SFF 400 G9 (1 unidad)

Procesador: Intel® Core™ i7-14700 (hasta 5.4 GHz con Intel® Turbo Boost Technology, 33 MB L3 cache, 20 cores, 28 threads)

RAM: DDR4-3200 MHz 16 GB (1 x 16 GB)

Disco Duro: SSD PCIe® NVMe™ de 512 GB

Portos: headphone/microphone combo; 1 SuperSpeed USB Type-C® 10Gbps signaling rate; 3 SuperSpeed USB Type-A 10Gbps signaling rate, 1 audio-out; 1 power connector; 1 RJ-45; 1 HDMI 1.4; 3 SuperSpeed USB Type-A 5Gbps signaling rate; 1 DisplayPort™ 1.4; 2 USB Type-A 480Mbps signaling rate, 1 DisplayPort™

Sistema Operativo: Windows 11 Pro

Garantía: 3 anos

HP Pro Mini 260 G9 (4 unidades)

Procesador: Intel® Core™ i5-1334U (hasta 4.6 GHz con Intel® Turbo Boost Technology, 12 MB L3 cache, 10 cores, 12 threads)

RAM: DDR4-3200 MHz 16 GB

Disco Duro: 512GB SSD PCIe

headphone/microphone combo; 1 SuperSpeed USB Type-C® 10Gbps signaling rate; 1 SuperSpeed USB Type-A 5Gbps signaling rate; 1 USB Type-A 480Mbps signaling rate, 1 RJ-45; 1 serial; 2 SuperSpeed USB Type-A 5Gbps signaling rate; 1 HDMI 1.4b; 2 USB Type-A 480Mbps signaling rate; 1 DisplayPort™ 1.4^a

Sistema Operativo: Windows 11 Pro

Garantía:3 anos

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro de quince CPU destinadas ás oficinas municipais, á empresa Ozona Tecnoloxías de la Información S.L., por un prezo de 12.453,72 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4598

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2025009552 (RE-843/25), de data 05/11/2025. presentada por Raúl BOUZADA GARCÍA, con relación aos problemas que padece segundo escrito á hora de facer uso do seu vao permanente en Rúa Merlo número 4, no que solicita a adopción de medidas necesarias para impedir o estacionamento de vehículos na zona dereita do vao, mediante a instalación de bolardos, pivotes ou outros elementos físicos disuasorios, ou ben mediante reforzo da sinalización vertical e horizontal.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección no lugar pódese comprobar que na actualidade esta rúa é de sentido único e que despois do vao está prohibida a parada en ambos os lados da vía, sendo retirados os colectores de lixo que había na marxe dereita da vía para precisamente facilitar a circulación de vehículos nesta rúa, polo que non é viable a colocación de bolardos neste punto xa que se volverían a crear obstáculos para a circulación.

Faise constar que a sinalización horizontal (marcas viarias) están recentemente pintadas e son perfectamente visibles, polo que de producirse estacionamentos indebidos na zona que dificulten o uso do seu vao pode comunicalo para que a Policía Local actúe no lugar, independentemente de que unha vez comunicado o problema se intensifique no posible a vixilancia nesta zona.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Bouzada García que non se considera procedente a instalación de bolardos ou outros elementos físicos, procedendo a intensificar a vixilancia na zona por parte da Policía Local.

PRP2025/4599

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2025009731 (RE-859/25), de data 09/11/2025, presentada por Osear REY MUÑIZ, en representación da Asociación de Veciños Fonte da Coca, con relación aos problemas que padece segundo escrito á hora de facer uso do seu vao permanente en Rúa Florida, solicitando a instalación de bolardos aos lados da saída do garaxe do edificio.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que realizada inspección no lugar pódese comprobar que na actualidade esta rúa é de dobre sentido de circulación existindo estacionamento en batería á marxe dereita (marxe en que se acha situado o vao) e estacionamento en liña á marxe esquerdo, quedando un ancho practicable de calzada de 6 m. Compróbase que tan só hai pintada unha liña continua fronte ao vao, polo que sería conveniente reforzar esta sinalización cun aspa que delimite o ancho do vao e desa forma sexa máis visible, pero non procede a instalación de bolardos xa que o único que supoñería é a supresión de prazas de estacionamento.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización cun aspa que delimite o ancho do vao e facilitar o acceso ao mesmo, non procedendo a instalación de bolardos.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2025/4600

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2025009730 (RE-858/25), de data 09/11/2025, presentada por Cándido Xesús MEIXIDE FIGUEIRA, con relación á configuración da intersección da rúa Vázquez Leis con Avenida de Cambados, que debido ao desnivel existente, esixe que se acceda a esta rúa con suma precaución e lentamente para evitar problemas, e solicita a elaboración dun peralte neste punto.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a citada vía corresponde á PO- 549, da que é titular Xunta de Galicia, polo que esa solicitude debe tramitarse ante a administración correspondente que neste caso sería a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas..

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas co fin de que procedan a estudar a solicitude do Sr. Meixide Figueira.

PRP2025/4613

Dáse conta do escrito presentado por Alcoholicos Rehabilitados Arousa - G36484616, solicitando autorización para instalar unha carpa de información , unha mesa e catro cadeiras no cruce da Rúa Xeneral Pardiñas con Castelao, o día 29 de novembro de 2025, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4710

Dáse conta de informe do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, no que se indica que no ano 2020 dotouse ó Servizo de Emerxencias dun programa de xestión integral, con capacidade para tratar e xestionar dun xeito mais axil e seguro as emerxencias así coma garantir a trazabilidade da documentación manexada ñas mesmas, coa finalidade de dar cumprimento a LOPD entre outras. Asemade a xestión dos recursos tanto materiais como persoais para garantir unha resposta mais axeitada ante situacións de emerxencia, tanto ordinarias coma extraordinarias.

Dado que esta aplicación cumpriu coas expectativas e as necesidade do Servizo a nivel de xestión, considerase que se debería renovar esta polo prazo dun ano.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CITECNO, Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste, S.L., GIF: B94115177, por un importe total de 4.416,98 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4708

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, en relación coa avaría do xerador existente no Auditorio Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Iluminaciones Santiaguesas SL, CIF B15279359, para o aluguer dun xerador, mentras se repara o actual, por un importe de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 334.203.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4629

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público, en relación coa necesidade da instalación dun elevador no Centro Sociocultural de Trabanca Sardiñeira non só por razóns de adecuación a lei de accesibilidade senón tamén por seguridade , facilitando o acceso a persoas maiores e con problemas de mobilidade.

Asemesmo, supón un valor a ter en conta a seguridade en caso de emerxencia nun edificio onde se poden concentrar un número de persoas considerable.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SCHINDLER SA, por un importe total de 18.148,79 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.632.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4669

Dáse conta de Proposta do Servizo de Alumeado Público, en relación coa substitución e instalación das portas no Auditorio de Vilagarcía de Arousa cun novos kits de mecanismos ao chan e na parte superior das follas, facendo toda adaptación necesaria para a instalación de ditas portas coas súas medidas.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Construcciones Metálicas CUEVAS SL, por un importe total de 2.637,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4670

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público, en relación coa necesidade de instalación dunha estufa de pellets no Centro Cultural en A Torre, con sistema de canalización para 5 reixas, con tubaxe de aceiro inoxidable e un motor de canalización para impulsión de aire quente e a conseguinte chimenea de saída.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Instalaciones ECOVILA SL, para o subministro e instalación de estufa de pellets no Centro Cultural de a Torre, por un importe total de 11.833,80 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 334.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4715

Dáse conta da comunicación do Instituto Nacional de Estatística sobre a proposta de cifra de poboación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2025, resultando para este municipio 37.888 habitantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/4698

Visto o informe favorable da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente de conformidade pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO INTERPARROQUIAL DE AROUSA CIF: R1500053B por importe de 9.500,00 €, con cargo á partida 231.48002, en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025 para a Casa San Cibrán.

PRP2025/4697

Visto o informe favorable da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente de conformidade pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO INTERPARROQUIAL DE AROUSA CIF: R1500053B por importe de 36.000,00 € en

relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025 para o Comedor Social, con cargo á partida 231.48002.

PRP2025/4696

Visto o informe favorable da Coordinadora de Servizos Sociais.
Fiscalizado o expediente de conformidade pola Intervención Municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, CIF: 28197564, por importe de 1.500,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, con cargo á partida 231.48002.

PRP2025/4642

Visto o informe favorable da Coordinadora de Servizos Sociais.
Fiscalizado o expediente de conformidade pola Intervención Municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de CRUZ ROJA ESPAÑOLA CIF: Q2866001G por importe de 7.800,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, con cargo á partida 231.48002.

EMPREGO

PRP2025/4709

Para o Nadal 2025, as accións de dinamización comercial, desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1. Dinamización de rúas comerciais durante entre o 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026
2. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da aldea e da súa contorna entre o día 19 de decembro de 2025 e 5 de xaneiro de 2026
3. Deseño e realización de Xardíns efémeros e decoración de rúas comerciais de Vilagarcía de Nadal 2025-2026

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2025 será o CONTO DE NADAL DE CHARLES DICKENS e a Inglaterra Vitoriana, para o que será preciso a ambientación temática, decoración, sonorización e iluminación artística Praza da Peixería e da renovada Rúa Clara Campoamor.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a contratación de ESPECTÁCULOS PARA DINAMIZACIÓN DAS RÚAS COMERCIAIS, CONTACONTOS, TEATRO E ARTISTAS DE DIFERENTES PERFÍS. PARA O NADAL 2025-26 no Concello de Vilagarcía, por contía máxima estimada de 14.748,55 Euros para o ano 2025 e 2.409,00 Euros para o ano 2026), con cargo á partida 4311.22610, coa seguinte desagregación:

GASTO IMPUTABLE AO ORZAMENTO 2025

Nº	PROVEDOR	NIF	CONCEPTO	CUSTO TOTAL (IVE ENGADIDO)
1	BRAIS GONZÁLEZ PÉREZ	53172196Z	SERVIZO PIANISTA PERFORMANCE “NOITE DE PAZ” EN HORARIO DE TARDE O VENRES 19 DE DECEMBRO DE 2025	302,50 €
2	GALIMUSIC S.L.	B15245400	ALUGUER, INSTALACIÓN E AFINACIÓN PIANO DE COLA	726,00 €
3	ALBA FERNÁNDEZ TROITEIRO	77007164J	ARTISTA DE PINTURA AO VIVO VENRES 19 HORARIO DE TARDE SÁBADO 20 HORARIO DE MAÑÁ E TARDE DOMINGO 21 HORARIO DE MAÑÁ LUNS 22 E MARTES 23 HORARIO DE MAÑÁ E TARDE TAREFAS	1.512,50 €

4	IVÁN VILLAR AGULLEIRO		ESPECTÁCULO ITINERANTE DE DANZA NA RÚA “OS TRASNOS DE NADAL” 4 BAILARÍNS PROFESIONAIS	MARTES 30 HORARIO DE MAÑÁ	4.620,00 €
5	CÉSAR FREIRÍA PRADO	36129107V	ESPECTÁCULO INFANTIL “A VOAR” A REALIZAR NA PEIXERÍA VELLA O DOMINGO 21 DE DECEMBRO ÁS 13:00	PEIXERÍA VELLA O DOMINGO 21 DE DECEMBRO ÁS 13:00 H	533,50 €
6	ABAD PRIETO OLGA MARIA	32842939C	ESPECTÁCULO INFANTIL “A NENA LENTECLA”	PEIXERÍA VELLA O LUNS 22 DE DECEMBRO ÁS 19:00 H	440,00 €
7	AC OS DESBROSADORES	G21902325	ESPECTÁCULO MUSICAL ITINERANTE “GAITEIROS DE NADAL”	Martes 23 Mañá e tarde (2 pases, un ás 13:00 h vestidos de Gaiteiros de Nadal e outro ás 20:00 h acompañando ao Apalpador Xigante vestidos de gaiteiros tradicionais) Mércores 24 Mañá (1 pase) Martes 30 Mañá (1 pase)	1.600,00 (Exento IVE)
8	A DISONANTE CULTURAL S COOP GALEGA	F27875798	ESPECTÁCULO MUSICAL “RAMO EN RAMO”	Venres 26 de decembro, horario de tarde	871,20 €
9	ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA	G94093598	ESPECTÁCULO MUSICAL “A CANTAR COAS BULIDEIRAS”	Sábado 27 de decembro, horario de tarde	600,00 € (Exento IVE)
10	FRANCISCO NOGUEIRAS NODAR	33280749W	ESPECTÁCULO MUSICAL “EXTRA!”	Sábado 27 de decembro de 2025, 19 h	440,00 €
11	FRANCISCO M. CERDEIRA CASTIÑEIRAS	45849416C	ESPECTÁCULO MUSICAL INFANTIL “PAKOLAS!”	NA PEIXERÍA VELLA O DOMINGO 28 DE DECEMBRO ÁS 13:00 H	586,85 €
12	EMILIO RAMÍREZ DE AGUILERA CRUZ	77402283 S	Asistente artístico de produción audiovisual	DATAS E HORARIOS A CONVIR COA DIRECCION,	363,00 €
13	AC FENTOS E FROUMA	G-36050862	PASARRÚAS E CONCERTO DE CANTOS DE NADAL E REIS	LUNS 29 DE DECEMBRO ÁS 19:00 H CON PEQUENO PASARRÚAS PREVIO POLA ALDEA DE NADAL	965,00 € (Exento IVE)
14	TINO BAZ BAZ	35.559.681 W	CONCERTO “PANXOLIÑAS MAN A MAN”	PEIXERÍA VELLA O MARTES 30 DE DECEMBRO ÁS 19:00 H	385,00 €
15	GIOVANNI PEIXOTO CARDOSO	13451831M	ASISTENTE DE ANIMACIÓN CON GIOVANNI PEIXOTO EN	HORARIOS A CONVIR COA DIRECCIÓN DO EVENTO	440,00
16	BEATRIZ HERRAEZ	07974397K	MONTAXE DE MESA DE NADAL	PRANTA SUPERIOR PRAZA DE ABASTOS 12 de decembro de 2025	363,00 €
TOTAL GASTO 2025					14.748,55 €
GASTO IMPUTABLE AO EXERCICIO 2026					
17	PASQUALE MARINO	X9827265D	ESPECTÁCULO DE CLOWN FAMILIAR “BERGAMOTTO SHOW!”	PEIXERÍA VELLA O VENRES 2 DE XANEIRO ÁS 19:00 H	1.320,00 €
18	SOL PRODUCCIONES, S.L.	B80823891	ESPECTÁCULO DE VIOLÍN DE CIRCO E DE NADAL “EL GRAN RA”	PEIXERÍA VELLA O LUNS 5 DE XANEIRO ÁS 13:00 H	1.089,00 €
TOTAL GASTO 2026					2.409,00 €
TOTAL GASTO DINAMIZACIÓN DE RÚAS: 17.157,55 €					

PRP2025/4704

En sesión de XGL de 17 de novembro de 2025, a XGL acordou aprobar a iniciativa “BONOS SON DA CASA 2025”. Na mesma data as dúas partes asinaron o convenio.

Segundo reflicte a BASE SEXTA do Convenio, o Concello de Vilagarcía aportará 37.500,00€ con carácter pre-pagable, mediante transferencia á conta bancaria IBAN ES85 2080 5067 1230 4004 6449 (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo á partida orzamentaria 4311-470.

A transferencia dos fondos levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo da sinatura do convenio polas dúas partes, a unidade tramitadora, previa fiscalización pola intervención municipal, elevará proposta a XGL solicitando o recoñecemento da obriga e a transferencia a Zona Aberta de 22.500,00€, equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello.

2ª PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita (nos termos indicados na base SÉTIMA), procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 15.000,00€, equivalente ao 40% restante do total da aportación municipal

En data 18 de novembro publicouse o Convenio na BDNS co código 869137, así como o extracto das bases no BOPPO de 21 de novembro.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga e a transferencia a Zona Aberta de 22.500,00€, equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello, con cargo á partida 4311.470.

PRP2025/4706

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención para o impulso da rede de mercados excelentes de Galicia e para a dinamización e revitalización das Prazas de Abastos para o ano 2025.

Actuacións obxecto de subvención no exercicio 2025:

- Adquisición de packaging propio do mercado
- Servizo de reparto a domicilio para a praza de abastos
- Adquisición de equipamento para praceiros coa imaxe propia do mercado
- Accións formativas e de mentoring para os vendedores e vendedoras da praza de abastos

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Por isto a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da disposición dos gastos, o recoñecemento de obriga e a aprobación da conta xustificativa da subvención na que se fai constar de forma detallada que:

- Se cumpriu da finalidade da subvención.

- Que a intervención municipal tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.

- Os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Nº	ACREDOR	CIF	Nº de factura	Concepto	Importe	Data emisión	Data Reconec Obriga
1	CAYLU DELIVERY S.L.	B01988567	2025/2822	Servizo reparto a domicilio	7.865,00 €*	30/04/2025	26/05/2025
			2025/3601			31/05/2025	30/06/2025
			2025/4692			30/06/2025	04/08/2025
			2025/6006			31/07/2025	06/10/2025
			2025/6145			31/08/2025	06/10/2025
			2025/6856			30/09/2025	27/10/2025
						31/10/2025	17/11/2025
2	SERILUA S.L.	B70519988	2025/5383	Equipamento praceiros	6.000,39	31/07/2025	24/09/2025
3	SERILUA S.L.	B70519988	2025/5383	Suministro Packaging	18.145,77	29/08/2025	06/10/2025
4	CDF CONSULTORÍA FORMACIÓN S.L.	B06.828.834	2025/7223	Formación	2.995,00	14/10/2025	03/11/2025

* No caso do servizo de reparto a domicilio, o custo soportado polo concello á data de presentación da xustificación é de 8.470,00 €, dos cales serán asumidos con fondos propios 605,00 €, por non seren imputables á subvención.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/4701

Dáse conta de proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, na que se indica que nas Axencias de Lectura da Rede de Bibliotecas de Vilagarcía faise necesaria unha actualización e incorporación de novos títulos de libros, cos que satisfacer as demandas e necesidades dos usuarios. Hai que considerar que ó longo do ano son poucos os libros que se van incorporando ó

fondo das Axencias, e o groso dos ingresos veñen dados a través da subvención de Novidades Editoriais e Mellora das Coleccións (Xunta de Galicia).

Os títulos que se incorporarían responden a novidades editoriais e ó feito de completar coleccións xa existentes, fundamentalmente de carácter infantil.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ESPACIO DO LECTOR, S. L. con CIF B36164820, por importe de 3.196,88 euros (IVE incluído), para subministro de libros para as Axencias de Lectura da Rede de Bibliotecas de Vilagarcía, con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4673

Dáse conta de proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, na que se indica que é necesaria a instalación de elementos expositores para informar das temáticas dos libros nos estantes, así como elementos que axuden a manter ditos libros nunha posición adecuada, para evitar o seu deterioro e facilitar o seu acceso.

Tamén faise necesaria a compra dunha cizalla.

Os expositores informativos serán de metacrilato transparentes, e os suxeitalibros dalgún material metálico.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa ESPACIO DO LECTOR, S. L. con CIF B36164820, por importe de 1.160,90 euros (IVE incluído) para o subministro de diverso material para a Biblioteca e Axencias de Lectura, con cargo á partida 3321.2200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4686

Dáse conta de informe emitido pola Directora do Conservatorio Profesional de Música, en relación coa planificación orzamentaria do proxecto da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026, precisando o festival o seguinte orzamento:

Orzamento 2026	Gastos	Ingresos
Aportación Municipal	50.000,00 €	50.000,00 €
Plan + Provincia Deputación Provincial	30.000,00 €	30.000,00 €
Contrato Patrocinio	6.000,00 €	6.000,00 €
Xunta de Galicia	9.680,00 €	9.680,00 €
Prezos Públicos	18.000,00 €	18.000,00 €
TOTAL	113.680,00 €	113.680,00 €

Polo que solicita:

Primeiro.- Se manteña no ano 2026 a mesma aportación municipal para o Festival clasclás que a de anos anteriores, polo importe de 50.000,00 €, debendo engadir ao orzamento do festival a contía que se xere pola venda de entradas (prezos públicos) que para o ano 2026 se estima en 18.000,00 €

Segundo.- Se realicen os trámites precisos nos diferentes departamentos do Concello para que no orzamento do ano 2026 os ingresos pola venda de entradas do festival clasclás repercutan no orzamento do mesmo e podan xerar o crédito anteriormente sinalado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4639

A nivel global estanse a realizar importantes esforzos tanto en materia lexislativa como de concienciación cidadá para facer fronte aos principais problemas ambientais. No caso das Rías Baixas, resulta especialmente preocupante a perda progresiva de biodiversidade dun dos ecosistemas máis valiosos do planeta: o Bosque Atlántico. A recuperación e protección deste

hábitat constitúe un deber colectivo e unha responsabilidade compartida.

Co obxectivo de sensibilizar e fomentar o interese pola natureza entre o alumnado, propónse dar continuidade ao ciclo de charlas ambientais que se está a desenvolver en distintos concellos das Rías Baixas. A actividade pretende destacar a importancia da recuperación do Bosque Atlántico como un dos hábitats máis ricos do mundo, así como poñer en valor o seu papel cultural, histórico, de identidade e o seu impacto directo na calidade de vida da cidadanía.

Esta acción formativa sería desenvolvida por segundo ano consecutivo nos centros educativos do noso municipio, tendo obtido na edición anterior unha valoración moi positiva por parte da comunidade educativa.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. J Marcos Guiadanes Figueiras, por un importe total de 1.100,00 € (IVE exento) para o desenvolvemento do Programa Bosque Atlántico nos centros educativos de primaria do Concello: Activiade 1 charla "As nosas árbores" e actividade 2 sogo "Viaxe ó corazón da fraga", a desenvolver cos grupos de 6º dos sete centros, en 8 xornadas, con cargo á partida 320.22610:

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4732

Dáse conta de Proposta da Concellería de Educación de aprobación do gasto correspondente á impresión e colocación de 9 vinilos en 9 marquesinas de autobuses do termo municipal de Vilagarcía de Arousa. Os vinilos conteñen creacións artísticas realizadas polo alumnado de Educación Secundaria dos centros educativos do municipio que decidiron participar no concurso organizado con motivo do 25N – Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero.

Este proxecto realízase de maneira conxunta entre a Comisaría da Policía Nacional de Vilagarcía de Arousa e a Concellería de Educación, imprimíndose todos os debuxos presentados e distribuíndoos en diferentes marquesinas da cidade, co obxectivo de visibilizar o compromiso municipal contra a violencia de xénero e recoñecer o traballo creativo da mocidade.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Baños Print SL, por importe total de 1.666,17 € (IVE incluído), para a impresión e colocación de 9 vinilos en 9 marquesinas de autobuses con motivo do 25N, con cargo á partida 320.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/4663

A Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega (A LINGUA (NIF G70 583596) é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxecto xeral a promoción e dinamización do uso da lingua galega dende o ámbito dos concellos e doutras entidades locais asociadas de xeito cooperativo.

O Concello de Vilagarcía de Arousa está adherido a esta asociación dende 2019.

O 23 /0 4 /2025 A LINGUA solicitou o aboamento da cota correspondente ao ano 2025 solicitude con número de rexistro WEB202 5 003 096))), por importe de 5.000,00 euros.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aboamento da cota anual correspondente ao ano 2025 por importe de 5.000,00 (cinco mil) euros á asociación A LINGUA (G70583596) con cargo á partida orzamentaria 334.489.

XUVENTUDE

PRP2025/4612

A Concellería de Xuventude organiza anualmente a FESTA DA TOMA DAS UVAS, evento destinado ao público e que pretende celebrar a entrada do ano de xeito anticipado, implementando a oferta cultural e de ocio do noso municipio durante o período de Nadal e que este ano conmemora a 25 edición.

A Festa da Toma das Uvas lévase a cabo anualmente o 31 de decembro na Praza de Ravella en horario de 11.00 a 13.30 h.

Contando co patrocinio de diversas empresas, ofértanse unha serie de actividades lúdicas, á vez que se procede ao reparto de uvas, cava e gominolas a fin de celebrar de xeito anticipado a entrada do ano.

Dentro do evento, está prevista a colocación e solta dun acio simbólico de globos biodegradables que representará o emblema da festa.

O acio funcionará inicialmente como elemento decorativo e photocall na Praza de Ravella e posteriormente será liberado ao ceo como parte do acto central do evento, simbolizando a unión, a solidariedade e a proxección de Vilagarcía cara ao futuro.

A construción deste elemento require materiais específicos e sustentables, cumprindo as condicións técnicas ambientais e de seguridade establecidas polo Concello.

O contrato abrangue a realización e montaxe do acio de globos biodegradables, conforme ás seguintes especificacións:

Dimensións totais: 4,5 metros de ancho por 7,5 metros de alto.

Materiais: globos de látex natural 100 % biodegradable, con cordas e unións compostables (algodón natural ou cáñamo).

Gas de elevación: helio certificado CE, non inflamable.

Estrutura de soporte: base desmontable con sistema de contrapeso para garantir estabilidade en exposición e liberación controlada.

Tempo estimado de biodegradación: inferior a seis meses.

Compromiso ambiental: prohibido o uso de elementos metálicos, plásticos non compostables ou globos de foil.

Entrega e montaxe: na praza de Ravella con supervisión técnica municipal.

O concello informará a Aena e ao aeródromo de Caldas da realización, día e hora, e coordenadas do lugar de solta do elemento.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a contratación do subministro e montaxe do acio simbólico de globos biodegradables para o acto central da Festa das Uvas 2025.

Adxudicar a execución do traballo á empresa BARAFUNDA S.L., CIF ESB27756402, polo importe total de 9.677,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4601

Dáse conta de proposta da Concellería de Xuventude en relación coa instalación dunha carpa e estrutura temporal na Praza Ravella, diante da fachada do Concello, co obxecto de dar cobertura ás actividades municipais de Nadal entre o 31 de decembro e o 6 de xaneiro, (montaxe o 30 de decembro e desmontaxe o 7 de xaneiro) incluíndo a celebración da “Festa da Toma das Uvas” e a recepción dos Reis Magos.

A instalación da carpa resulta imprescindible para garantir o desenvolvemento seguro, accesible e adecuadamente cuberto das actividades programadas polo Concello no marco da programación de Nadal. Trátase dunha prestación puntual, de duración limitada e axustada á natureza do evento

O contrato comprende o subministro, montaxe, mantemento e desmontaxe da carpa e estrutura temporal, incluíndo cuberta, lonas, elementos estruturais, accesos, pavimento ou tarima se procede, sistemas de seguridade e demais medios auxiliares necesarios, así como o seu correcto funcionamento durante todo o período de uso.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa GLOBAL SETUP S.L. (CIF B94119104), por un importe de 5.747,50 euros (IVA engadido), con cargo ás seguintes partidas:

- Partida 334.22799: 2.500,00 €
- Partida 2314.22610: 3.247,50 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/4712

O 16/04/2025 a directora xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade ditou resolución de concesión a este concello de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos por unha contía máxima de axuda de 6.300 € (custe total subvencionable 7.000 €) para melloras nas instalacións de preparación para a recuperación (PxR) e/ou autorreparación.

Que aos efectos da xustificación das axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (MT975U) e de acordo co establecido no artigo 26.3.g) da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se regula a convocatoria destas axudas subvención deberá aprobarse a conta xustificativa da subvención polo órgano competente.

Polo que se informa que a axuda outorgada se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención, facendo constar:

- Que se cumpriu da finalidade da subvención.
- Que se respectaron os procedementos de contratación pública

E os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
METALURGICA CUEVAS SL	SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN DE PORTÓN DE PECHE NO ESPAZO PxR PUNTO LIMPO MUNICIPAL	197	4.917,00 €	28/10/2025	24/11/2025

PRP2025/4711

O 16/04/2025 a directora xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade ditou resolución de concesión a este concello de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos por unha contía máxima de axuda de 8.100 € (custe total subvencionable 9.000 €) para melloras nos puntos limpos.

Que aos efectos da xustificación das axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal (MT975U) e de acordo co establecido no artigo 26.3.g) da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se regula a convocatoria destas axudas subvención deberá aprobarse a conta xustificativa da subvención polo órgano competente.

Polo que se informa que a axuda outorgada se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención, facendo constar:

- Que se cumpriu da finalidade da subvención.
- Que se respectaron os procedementos de contratación pública

E os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
MECANIZADOS LORENZO S.L.	SAN SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN DE ESTRUCTURA DE POLICARBONATO NO PUNTO LIMPO MUNICIPAL	215	5.420,80 €	07/11/2025	24/11/2025

TURISMO

PRP2025/4717

A Concellería de Turismo está a traballar na promoción de Vilagarcía como lugar de celebración de eventos deportivos e culturais, feiras de exposición, etc. Eses eventos supoñen por se mesmos un importante impacto económico na cidade pero ademais teñen un gran valor para dar a coñecer Vilagarcía como destino turístico.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión directa dunha subvención, por importe de 6.000 €, a favor da ASOCIACIÓN CASTESLAB, para a celebración do FESTIVAL CASTES 2025, que se celebra en Vilagarcía dende o 8 ao 23 de novembro de 2025, de conformidade coa documentación aportada e a sinatura do convenio correspondente, con cargo á partida 432.489.

A ASOCIACIÓN CASTESLAB, representada por José Dieste Navazas, ten xa unha acreditada experiencia na organización deste tipo de eventos.

Xunto coa solicitude de subvención presentan a seguinte previsión de gastos e ingresos:

INGRESOS		GASTOS	
ORNGANISMOS PÚBLICOS		PERSOAL	
Concello de Vilagarcía	6.000 €	Retribucións básicas	8.000 €
Deputación	9.600 €		
Xunta de Galicia	14.500 €		
OUTROS		MATERIAL	
Entradas	12.000 €	Redes sociais e Web	3.500 €
		Fotocopias	1.500 €
		repografía	
		GENERALES	
		Electricidade	2.800 €
		Alimentación	2.500 €
		Dietas	1.000 €
		Transporte	800 €
		Actuacións musicais	22.000 €
TOTAL INGRESOS	42.100 €	TOTAL GASTOS	42.100 E

Ademais da subvención, a aportación do Concello materialízase en diversos conceptos:

- En impresión de cartelería e outros soportes, con medios propios e outros externos, estímase un gasto de 2.000 €.
- O persoal municipal implicado no evento: de comunicación, de obras, da praza de abastos, de xardíns, etc.
- A cesión do uso da Praza de Abastos, da Praza da Peixería e do Salón García.

CULTURA**PRP2025/4707**

Na Xunta de Goberno Local do 25/08/2025 acordou aprobar o convenio de colaboración coa Entidade Revenidas SC e a súa posterior sinatura para a concesión dunha subvención, por importe total de 45.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a sufragar os gastos derivados das distintas actividades que se levarán a cabo con motivo do FESTIVAL REVENIDAS 2025, a celebrar do 11 ao 14 de setembro en Vilaxoán.

Nesta edición, e seguindo unha tendencia desde 2021 os custes de produción do festival teñen ascendido notablemente facendo que a colaboración municipal non sexa axeitadas ás necesidades que se pretenden cubrir.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, e co ánimo de manter o mesmo nivel de colaboración co festival, a Xunta de goberno Local acorda aprobar a addenda do convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade Revenidas SC, para suplementar en 10.000,00 € (DEZ MIL EUROS) a cantidade inicial de 45.000 € a que ascendía a subvención concedida, tal e como se recolle na cláusula segunda do convenio asinado para a realización da edición de 2025 do festival REVENIDAS, con cargo á partida 334.479.

PRP2025/4627

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 334.22609, para a realización da

conferencia "Textos filocomunistas e prosovieticos de Castelao no trienio da Guerra Civil, nomeadamente 1938", impartida polo profesor e académico D. Xesús Alonso Montero, dentro do Ano Castelao, a celebrar o día 4 de decembro de 2025, ás 20:00 horas no Auditorio Municipal.

PRP2025/4606

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de setembro de 2024 acordou aprobar o convenio de colaboración coa Entidade Revenidas SC para a concesión dunha subvención, por importe total de 45.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a subvencionar a celebración do Festival de Revenidas 2025, celebrado os días 11 a 14 de setembro de 2025.

Dáse conta do informe da Concellería de Cultura e vista a documentación xustificativa presentada, así como o informe favorable da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada xustificación e o recoñecemento de obriga a favor da Entidade Revenidas SC polo importe de 45.000 €, con cargo á partida 334.479.

PRP2025/4719

Vista a solicitude de D. Alvaro Jesús Pérez Becerra, en representación de AINE PRODUCCIÓN SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 12 e 13 de decembro, durante todo o día, para a representación do espectáculo "AMORIÑOS", protagonizado por Xosé Touriñán e David Perdomo, o día 12 en sesión das 22:00 horas e o día 13 en sesións de 18:30 e 21:30 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

